



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. Núm. 2018/C004/0000007

Ref.: IVCR

DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO EVENTO “NOITE MEIGA” (LOTE Nº 6: ACTUACIÓN MUSICAL RIFF RAFF), TRAMITADO MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SÚPER SIMPLIFICADO

ANTECEDENTES DE FEITO:

- Mediante decreto nº 655/2018, de data 11/05/2018, aprobouse o expediente de licitación do servizo “Noite Meiga ,2018”
- A licitación foi publicada no perfil do contratante do órgano de contratación o día 11/05/2018. O prazo para a presentación de ofertas foi de dez días hábiles.
- O día 29/05/2018, ás 13:00 horas, segundo o procedemento descrito no prego de cláusulas administrativas que rexe a licitación, procédese á apertura das ofertas económicas presentadas para todos os lotes. Para este lote presentouse a licitadora M^a José Martínez Allegue, cunha oferta económica de 1200 € (sen IVE).
- A través do requerimento feito polo concello para o lote 1 comprobouse que non cumple co obxecto do contrato (por non estar inscrita no epígrafe do IAE correspondente), e proponse a súa exclusión do procedemento.
- De acordo co disposto no artigo 168.1 a) da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público e ao non exceder a contía prevista no artigo 118 da mesma lei, adxudicarase este lote a través dun contrato menor.
- Na data 07/06/2018 solicitánselle presupostos referidos ao obxecto do contrato á empresaria M^a Teresa Teijeiro Rojo. A contía do presuposto que achegue ascende á cantidade de 1200 euros, sen IVE.
- A licitadora xustificou a súa capacidade de obrar e verificouse que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias co concello, coa Seguridade Social e coa Administración tributaria estatal e autonómica a través do requerimento feito polo concello para o lote 7 deste mesmo contrato, co que se dá por xustificada a súa capacidade de obrar e a ausencia de débedas tributarias.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 168.1 a) da Lei 09/2017, do 08 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), indica que se poderán adxudicar contratos utilizando o procedemento negociado sen a previa publicación dun anuncio de licitación únicamente nos seguintes casos: a) Nos contratos de obras, subministros, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, nos casos en que: 1.^º Non se presentou ningunha solicitude de participación axeitada. Considerarase que unha solicitude de participación non é axeitada se o empresario de que se trate deba ou poida ser excluído en virtude dos motivos establecidos na presente Lei.

O artigo 118 da mesma lei contén as contías e o réxime xurídico dos contratos menores.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf. 981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. Núm. 2018/C004/0000007

Ref.: IVCR

O artigo 29.8 da LCSP establece que os contratos menores non poderán ter unha duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

De acordo co artigo 153.2 da LCSP a súa existencia acredítase cos documentos aos que se refire o artigo 118; o artigo 154.5 esixe a súa publicación segundo o que dispón o artigo 63.4.

Por iso, á vista do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na D.Ad. 2ª da LCSP e no Decreto 1251/2015, do 03 de xullo, de delegación de competencias da Alcaldía nos membros da Xunta de Goberno Local e de delegacións especiais, que atribúe a competencia para a aprobación dos expedientes de contratación de obras, subministracións, servizos, contratos administrativos especiais e contratos privados cando non excedan da contía prevista legalmente para ser considerados como contratos menores, a autorización do gasto inherente a este trámite e a súa adxudicación ao concelleiro delegado da Área de Régimen Interno e Recursos Humanos, José Alén Álvarez,

RESOLVO:

- 1º) Excluír da licitación á licitadora M^a José Martínez Allegue, por incumprir as condicións previstas no artigo 65 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, relativas á aptitude para contratar co sector público; en concreto, por non acreditar a súa capacidade de obrar para executar este contrato.
- 2º) Adxudicar o lote 6 (actuación musical Riff Raff) do evento “Noite Meiga, 2018” á licitadora M^a Teresa Teijeiro Rojo, e, en consecuencia, dispoñer crédito con cargo á partida orzamentaria 2018.338.22608 por importe de 1452 €, IVE incluído.
- 3º) O evento “Noite Meiga, 2018” terá lugar o 23 de xuño de 2018, co que a prestación do obxecto realizarase o mesmo día.
- 4º) Notificar este decreto no prazo de dez días hábiles dende a súa data.
- 5º) Comunicar esta adxudicación ao Rexistro de Contratos do Sector Público, para os efectos previstos no artigo 346.3 da LCSP.
- 6º) Comunicar ao adxudicatario que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o órgano de contratación, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interpuesto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. Núm. 2018/C004/0000007

Ref.: IVCR

interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contado dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o acordo de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interpuesto ante o Xulgado núm. 1 de Ferrol.

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (art. 123.1 da LPAC). Para tal efecto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Ferrol.

As Pontes de García Rodríguez,